

## MESA SECTORIAL DO DÍA 20 DE MAIO DE 2020 (continuación da do día 20)

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: INFORMACIÓN OPOSICIÓNS 2020

A Administración educativa, na súa intervención inicial, informa de que mantén a postura xa manifestada en anteriores mesas. A Consellería de Educación elevou a proposta ao Ministerio de Educación para que o proxecto de modificación do Real Decreto incluíse a Oferta de Emprego Público 2021 e así, se puidese garantir a acumulación de ofertas nos procesos selectivos que terán lugar no ano 2021. A Administración resposta que non ten ningunha información oficial por parte do Ministerio ante esta proposta galega pero si hai información extraoficial de que non se vai a aceptar dita proposta porque o Real Decreto fala das ofertas públicas publicadas ata o ano 2020 que están supeditadas ao recollido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado do ano 2018 e a oferta do 2021 tería que estar supeditada ao recollido nunha hipotética Lei de Orzamentos correspondentes ao ano 2021.

A Consellería considera, polo tanto, que non pode haber garantías xurídicas plenas e absolutas para o proceso selectivo correspondente á Oferta do 2020 pero que, en todo caso, a máxima garantía que se lles pode dar é levando a cabo o que en termos xurídicos se denominan “actos declarativos de dereitos”. No caso do que falamos ditos actos declarativos de dereitos terían lugar coa apertura do prazo de presentación de solicitudes e, máis aínda, coa publicación da lista provisional de admitid@s nos procesos selectivos. Polo tanto, manteñen que para dar a máxima garantía xurídica aos procesos selectivos, debe abrirse o antes posible o prazo de presentación de solicitudes para consumir ditos actos declarativos de dereito. Máis aínda cando o Estado acaba de anunciar o aprazamento “sine die” de todos os procesos selectivos pendentes, salvo aqueles que xa estiveran convocados previamente; escenario que non ofrece un panorama especialmente alentador no sentido da seguridade xurídica futura. Por outra banda, o Estado tamén ven de publicar no BOE o Real Decreto 537/2020 polo que se prorroga o estado de alarma e que, no seu artigo 9, reabre os prazos administrativos a partires do 1 de xuño. Isto, segundo a Consellería, obriga ou ben a abrir o prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos en dita data ou a desistir da convocatoria actual co risco evidente de que se poidan perder as prazas convocadas na OPE 2020.

Dito todo o anterior, a Consellería polo tanto ten a intención de abrir dito prazo de presentación de solicitudes o vindeiro 1 de xuño.

A postura de ANPE Galicia ante a información facilitada pola Consellería é a mesma que xa manifestou en anteriores Mesas Sectoriais: **baixo ningunha circunstancia se pode perder nin unha soa das prazas convocadas ao abeiro da oferta pública de emprego 2020. Demandamos garantías xurídicas plenas ao respecto** xa que para ANPE é fundamental a estabilización do emprego no sector público e máis aínda ante o escenario de incerteza económica que se presenta no futuro derivada da situación de crise sanitaria e a paralización de actividades económicas. Gustaríanos agardar a unha resposta oficial por parte do Ministerio xa que entendemos que debemos esgotar ao máximo posible a posibilidade de acumular nos procesos selectivos que terán lugar no ano 2021 as prazas da publicada oferta 2020 máis as que poida traer consigo unha hipotética oferta correspondente ao ano 2021. En calquera caso, insistimos en que se hai o máis mínimo risco de perder as prazas da oferta do 2020 a decisión debería tomarse xa.

A Administración insiste en que non hai seguridade xurídica absoluta de ningunha das maneiras posibles pero si hai máis garantías si se producen actos declarativos de dereito que, insisten, se producirían coa apertura de prazos e a publicación da lista provisional de admitid@s.

Neste preciso momento a Administración educativa informa ás Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de que acaba de chegar un documento remitido polo Ministerio de Educación relativo á proposta realizada pola Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Prodúcese un receso na Mesa Sectorial para que tanto as Organizacións Sindicais como a propia Consellería poidan ler o documento remitido polo Ministerio.

Unha vez rematado o receso a Consellería informa de que se trata dun documento sen asinar e que básicamente informa de que non se acepta a proposta realizada pola Consellería en relación a incluír na modificación do Real Decreto de acceso a oferta do 2021. De todos os xeitos a Consellería informa de que solicitará un informe xurídico sobre o contido do documento á Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia. En tanto en canto non se teña coñecemento da resposta dada pola Asesoría Xurídica a Administración mantén que abrirá o prazo de presentación de solicitudes o vindeiro 1 de xuño. Se o informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta supón a posibilidade da adopción doutro tipo de medidas convocárase novamente ás Organizacións Sindicais con presenza na Mesa Sectorial.

ANPE considera importante agardar ao informe da asesoría para, como dicíamos anteriormente, explotar ao máximo posible a posibilidade de acumular, con garantías xurídicas plenas, as prazas do 2020 e do 2021.

## **2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE PRORROGA O NOMEAMENTO DAS DIRECCIÓNS DOS CENTROS EDUCATIVOS DOCENTES.**

ANPE Galicia considera, como ven manifestado todos os anos, que o nomeamento e a prorroga das direccións dos centros educativos debe emanar en todo caso do claustro de profesores e do Consello Escolar. Entendemos a excepcionalidade da situación actual pero, en todo caso, no pode recaer exclusivamente a decisión nas Xefaturas Territoriais ou nas Inspeccións Educativas. Precisamente e máis que nunca, tendo en conta o carácter excepcional da situación e as complexidades que se prevén de cara a un vindeiro curso 2020-2021 cargado de incertezas, desde ANPE Galicia insistimos en que é importante que os centros docentes conten con director@s que desexen continuar no seu cargo e que coñezan a realidade do centro educativo que dirixen.

Tendo en conta a consideración xeral expresada no parágrafo anterior, temos unha serie de consideracións específicas ao texto do proxecto de orde presentado no día de hoxe:

No artigo 2 punto 1 no apartado de excepcións, desde ANPE Galicia consideramos que a administración debe aceptar as renuncias e que, en ningún caso, deberán estar supeditadas á súa aceptación por parte da Xefatura Territorial correspondente ou por parte da Inspección Educativa. E non soamente nos casos de docentes que obtivesen destino definitivo con efectividade do 1 de setembro de 2020 senón en máis casuísticas. **A Administración acepta a proposta para o caso dos directores que obtiveran un novo destino definitivo e, polo tanto, dará unha nova redacción a este punto e estudará as restantes casuísticas.**

No artigo 3 relativo a nomeamentos accidentais desde ANPE Galicia insistimos en que debe ser nomeado en todo caso profesorado do propio centro fronte a profesorado alleo. Xa argumentamos anteriormente que se presenta un próximo curso académico cargado de incertezas e dificultades e

consideramos que os centros educativos deben estar dirixidos en todos os casos por profesorado que coñeza a realidade do centro.

Por último, no artigo 5 insistimos, como vimos facendo habitualmente cando se negocia a renovación das direccións, en que se debe dar audiencia e ter en conta, con carácter vinculante, ao claustro de profesorado e ao Consello Escolar.

**A Administración soamente acepta a petición mencionada anteriormente e non tocará nada máis no proxecto de orde.**

### **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS**

- Desde ANPE Galicia demandamos un plan específico de formación sobre ensino on-line para todo o profesorado de cara a un curso complicado onde cada vez vai tomando máis relevancia este tipo de ensino. Consideramos que tanto o CAFI como os CFR deben tomar esta liña como prioridade de actuación en aras dunha mellor preparación do profesorado para o comezo do vindeiro curso.
- Traslados as queixas recibidas por parte do profesorado, e que xa foron tamén transmitidas á UAC, en relación ás fendas de seguridade na aplicación de Cisco Webex (acceso de persoas non autorizadas a videoconferencias, ameazas ao profesorado por parte de certos colectivos utilizando ditas aplicacións, etc).
- Gustaríanos saber se para a Consellería de Educación mereceu a pena todo o esforzo organizativo e económico que supón a apertura dos centros educativos para a actividade lectiva presencial que se reiniciou onte, luns 25 de maio, e todos os problemas de xestión que está a producir, unha vez se coñecen os datos de que soamente en torno ao 25-30% do alumnado de bacharelato e formación profesional asistiu voluntariamente ás clases. É bastante curioso que soamente Galicia e País Vasco, comunidades que van a celebrar proximamente eleccións ao seu parlamento, decidisen con tanta presa o retorno ás actividades lectivas presenciais. Cremos que queda manifestamente clara a intención política e electoralista desta medida.
- Solicitamos da Administración educativa unha aclaración a se o profesorado exento da obriga de retomar as actividades lectivas (por conciliación, coidado de maiores ou por ser colectivo vulnerable) ten a obriga de asistir a toda canta actividade se lle está a demandar desde os seus centros (reparto de materiais ao alumnado, xuntanzas varias, etc). **A Administración resposta que os centros educativos deben contar para ese tipo de tarefas preferentemente, e con prioridade co resto do profesorado que non está exento. Aínda así, se por necesidades organizativas do centro é necesaria a presenza do profesorado exento, este ten a obriga de asistir.**
- Demandamos coñecer a previsión ou a intención da Consellería respecto a todas as convocatorias que non saíron aínda publicadas (asesorías, CFRs, cátedras..) e especialmente demandamos coñecer a intención da Consellería en relación á convocatoria de prazas para o alumnado de atención preferente polo carácter imprescindible deste tipo de prazas. **A Administración resposta que NON se van a convocar nin asesorías de ningún tipo, nin prazas sometidas a convenio nin prazas para atención preferente. Aquelas prazas que espiren agora serán prorrogadas automaticamente por un ano. As prazas de cátedras si serán convocadas. Tamén informa de que a convocatoria do CADP está pendente da elaboración do calendario escolar para o vindeiro curso pero que se prevé que se publique nas datas habituais.**
- En relación a esta última afirmación, desde ANPE Galicia demandamos que a orde de calendario escolar pase pola mesa sectorial o antes posible.

# MESA SECTORIAL



- Demandamos novamente a cobertura de todas as substitucións de vacantes que están pendentes de cubrir.
- Pedimos a prorroga da vixencia dos actuais libros de texto máis aló dos 6 anos que establece a normativa.
- Desde ANPE Galicia queremos que a Consellería nos aclare que decisión vai a tomar con respecto á xestión da chegada de xustificantes de asistencia a exames do profesorado interino e substituto que presentou renuncia por ampliación de estudos e que está obrigado a achegar en virtude do recollido no acordo de interinos e tendo en conta a suspensión ou aprazamento de moitos de ditos exames pola situación sanitaria.
- Por último tamén queremos que a Administración nos aclare que vai acontecer co profesorado de plans Reforza-T e Arco aos que, desde os centros educativos nos que estaban a desenvolver o seu traballo, se lles asignou a cobertura de substitución dalgún compañeiro, a cobertura dalgunha xubilación ou mesmo titorías de alumnado. Nalgún caso mesmo terá problemas para xustificar o traballo realizado no programa (tal e como demanda a Administración) porque estiveron facendo outras funcións diferentes que lles foron asignadas directamente desde o centro educativo no que prestaban servizos.



**ANPE**  
SINDICATO INDEPENDIENTE  
GALICIA